



1º Nadal

NON SON XOGUETES



2º NADAL

Os animais NON son agasallos, son seres vivos, teñen sentimentos, precisan o contacto humano, requiren moitos anos de compromiso afectivo e económico, coidados, atención veterinaria, paseos, xogo, educación... **TODA A VIDA**

Cada ano milleiros de cans acaban encadeados ou engaiolados, ignorados polos seus propietarios como obxectos inservibles, abandonados, atropelados en estradas, mortos por inanición e frío ou en canceiras e protectoras ateigadas, con escasos medios onde agardan anos por unha familia que ás veces nunca chega.

Cando queiras que un animal forme parte da túa familia, en vez de comprar, **ADOPTA** porque así...

... **diminúe o abandono** xa que eses animais non son produto de impulsos de compra sen reflexión nin valoración das consecuencias.

... **loitas contra a cría ilegal** que fomenta a explotación e o abandono, e tanto dano lles fai aos animais e á sociedade.

... **os refuxios poderían acoller máis** e darlles maior calidade de vida en espera dese fogar definitivo.

As vidas non se compran, rescátanse, acóllense, adóptanse
#SonAlguenNonAlgo #AdoptandoSalvasVidas #NonAoAbandono

A Lei 4/2017 de Protección e Benestar dos Animais de Compañía de Galicia prohibe de maneira explícita o encadeamento continuado ou a limitación dos movementos dos cans a meirande parte do día e pode sancionar esta práctica con multas de entre 500 e 5.000 euros.

Se observas algún can nesta situación podes poñelo en coñecemento das autoridades competentes ou comunicarllo á asociación InDiCan para tomar as medidas oportunas, denunciar ou asesorarte sobre os pasos a dar.

Policía Local: 092/112

Garda Civil/Seprona: 062

InDiCan: Facebook: @InDiCanAsociacion

Twitter: @InDi_Can

Correo-e: iniciativadignidadcanina@gmail.com

INDICAN
INICIATIVA
DIGNIDAD
CANINA



CONCELLO DE
MUGARDOS